



## A FEDERACION GALEGA DE CAZA AVALIA AS CONSECUENCIAS DOS INCENDIOS FORESTAIS

O pasado mércores día 9, tomaba posesión, tralo correspondente proceso electoral, como novo Presidente da Federación Galega de Caza José María Gómez Cortón.

Gómez Cortón, un lucense de Castroverde afincado na capital de Galicia desde fai anos, conta cunha avalada experiencia federativa, tras ocupar diversos postos –*tesoureiro, secretario xeral e adxunto a presidencia*- nas distintas xuntas directivas da FGC, desde o ano 1996.

O novo Presidente, ven de reunirse cos Presidentes Provinciais para avalia-las consecuencias dos incendios forestais que asolaron Galicia nas derradeiras semanas. Nesta xuntanza acordouse trasladar á opinión pública e ás sociedades de caza afectadas a postura da Federación Galega de Caza a través do seguinte manifesto:

1. A Federación Galega de Caza manifesta a súa máis enérxica repulsa polos incendios forestais acaecidos en Galicia nas últimas datas, e rexeita -desde tódolos puntos de vista- que o colectivo de cazadores poida estar implicado entre os posibles incendiarios. Non cabe esa desconfianza porque os cazadores sofren os incendios primeiro como cidadáns e despois como cazadores, porque se destrúe o medio no que se desenvolve o seu deporte e as especies que habitan nese medio, e, finalmente, porque a lexislación vixente prohíbe cazar ata durante 3 anos en terreos queimados. A pesares disto, poden existir eventualmente persoas que denominándose cazadores resultan ser incendiarios igual que pode haber persoas incendiarias entre calquera outro colectivo social. Si en algún momento se demostrase a implicación dalgún cazador federado nestes lamentables feitos, procederíase a inmediata expulsión da mesmo, do seo da Federación.
2. Quedou constatado que os cazadores en tanto non remataron os incendios adicáronse maioritariamente e activamente a apaga-lo lume de forma caladiña, que era o mais importante.
3. Unha vez rematados os lumes, a Federación xunto cos Presidentes das sociedades de caza que tiveron os seus terreos máis afectados reuníranse para facer unha valoración, e adoptar as medidas pertinentes.
4. A Federación manifesta que non tería sentido prohibi-la caza en todo o territorio da Comunidade Galega, nin sequera en grandes áreas, senón que deben estudiarse as medidas a tomar en cadaun dos terreos cinexéticos que xestionan as sociedades, dado que as situacións son diferentes en cadaunha delas. De feito xa existe unha normativa sobre as limitacions as que se ven sometidas as sociedades de caza e os cazadores nas zonas queimadas, nas que polas normas vixentes a caza esta totalmente prohibida e si o terreo está afectado de forma moi considerable pode ser necesaria a revisión como mínimo dos plans de aproveitamento.
5. A FGC aconsellará ás sociedades de caza que teñan afectada unha superficie que supere o 60 ou 70% do seu tecor, que non abran a tempada de caza menor. En función da situación de cada tecor podería ser interesante que en zonas de certa amplitude non queimadas se puideran establecer zonas de adestramento de cans, loxicamente sen morte da caza e coa participación dun número diario limitado de cazadores. No caso da caza maior, será necesario unha avaliación ao longo dos vindeiros meses en función de posibles danos ou en prevención dos mesmos.
6. A FGC solicitará á Administración axudas e autorización para que as sociedades de caza poidan acometer labores de recuperación do hábitat e de repoboación nas zonas afectadas.
7. Igualmente ten previsto solicitar das Consellerías competentes que á hora da recuperación das zonas queimadas se teñan en conta criterios que favorezan ou cando menos non prexudiquen a recuperación do hábitat que acolla especies cinexéticas e poidan servir de ferramenta na prevención do tan temido lume.



8. Outra das medidas importantes que dende a Federación se pon en marcha de cara a próxima tempada, a través das Federacións Provinciais e o establecemento de mecanismos para poñer en marcha un plan de solidariedade cos cazadores das zonas máis afectadas polo lume. Nas Federacións Provinciais estase elaborando un censo de sociedades para coñecer a realidade de cada caso concreto, e ver así cales son aquelas que non poderán abrir a tempada de caza para estudar con aquelas outras sociedades, que non sufriron incendios ou os sufriron en menor medida, as posibilidades de que poñan tarxetas de día ou tempada a disposición doutros cazadores de zonas afectadas, como medida solidaria. Ao mesmo tempo a FGC recibirá as solicitudes dos cazadores afectados *–que non teñan onde cazar–* e tratará de buscarlles alomenos 2 ou 3 días durante a tempada de caza para que poidan practicar este deporte.